

A MALETA  
**PONTE**  
**A ZERO**

NIVEL II

TRABALLANDO POLO  
**RESIDUO ZERO**

# A MALETA PONTE A ZERO

O Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA), a través da súa **Biblioteca e Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga**, pon a disposición dos centros educativos da provincia de Pontevedra unha colección de libros informativos e literarios sobre a temática dos residuos, a compostaxe e os hortos escolares.



As maletas xurden no marco do programa ‘Ponte a Zero’ que a o CEIDA desenvolve xunto á Deputación de Pontevedra, co obxectivo de concienciar á comunidade escolar sobre a problemática do lixo e a reutilización dos residuos, fomentando actitudes cívicas e de corresponsabilidade co medio natural e social. Porque a suma das nosas accións individuais poden repercutir de forma global na saúde do planeta! Está concebida como recurso de apoio e complementario ao traballo desenvolvido nas aulas dentro deste programa.

O materiais recollidos están divididos en dous niveis: nivel I, dirixidos ao alumnado de 1º e 2º ciclo de primaria; e nivel II, dirixidos a 3º ciclo de primaria e secundaria. Foron avaliados conxuntamente polo Equipo de Educación Ambiental e o Equipo de Documentación do CEIDA, sendo aproximada a idade recomendada que se indica en cada recurso.

A maleta Ponte a Zero apoia os ODS número 3 (Saúde e Benestar), 4 (Educación de Calidade), 11 (Cidades sostibles), 12 (Consumo responsable), 13 (Acción polo clima), 14 (Vida submariña), 15 (Vida e ecosistemas terrestres) e 17 (Alianzas) da Axenda 2030. Esperamos que sexan do voso interese!



# LIBROS QUE COMPOÑEN A MALETA (nivel II)



## **Basura: todo sobre la cosa más molesta del mundo**

**Autora:** Gerda Raidt.

**Editorial:** Lóguez.

**Ano:** 2019.

**Sinopse:** libro ilustrado que describe a onde van os desperdicios cando os recollen os camións do lixo, por que viaxan arredor do mundo e incluso se moven velozmente polo espazo, por que producimos toneladas de residuos e como podemos cambiar as cousas, comezando por nós mesmos. Un recurso que anima aos nenos e nenas a participar activamente no coidado do planeta.

**Idade recomendada:** 10-14 anos.



## **Basurolandia**


**Autora:** Ola Woldańska-Płocińska.

**Editorial:** Cumio.

**Ano:** 2023.

**Sinopse:** non queremos que a Terra se transforme nunha basurolandia, cada vez máis e máis extensa. Podemos axudar ao planeta dando pequenos pasos como reciclar, usar bolsas de tela ou levar botellas de aluminio e non de plástico, pero non é suficiente... este libro ilustrado é o mellor manual para ser conscientes do problema do que xeramos como individuos, con exemplos dos novos hábitos que debemos adoptar se nos importa o cambio climático.

**Idade recomendada:** 10-16 anos.



## La isla de basura (Súper López)

**Autor:** Jan.

**Editorial:** Bruguera.

**Ano:** 2019.

**Sinopse:** a contaminación nos mares é un problema ambiental de grandes dimensións, chegando a ter auténticas illas de lixo neles. A política ambiental ten un reto importante en conter esta lacra a nivel mundial. Neste cómic, Superlópez enfrontarase a un auténtico monstruo, creado polo malvado Bijaksana Bodoh que, aproveitando unha tormenta eléctrica, fará que unha illa de lixo cobre vida. Pero Superlópez logrará neutralizar o lixo por medio dunhas bacterias que comen plástico.

**Idade recomendada:** 10-16 anos.



## ¡A reciclar se ha dicho! (Mortadelo y Filemón)

**Autor:** F. Ibáñez.

**Editorial:** Bruguera.

**Ano:** 2023.

**Sinopse:** coa crise económica do momento, na T.I.A. pensan que a única maneira de aforrar cartos é reciclando a tecnoloxía e volvendo a usar os métodos, armas e transportes aparentemente anticuados: fondas, catapultas, carros e outras cousas. Para comprobar a eficacia dos obxectos, Mortadelo e Filemón deberán facer probas que, coma sempre, rematarán en catástrofe. Un cómic para reflexionar sobre a reutilización dos residuos.

**Idade recomendada:** 10-16 anos.



## Reciclaxe

**Autores:** José Precioso e Renato Henriques.

**Editorial:** Nova Galicia.

**Ano:** 2008.

**Sinopse:** a produción de bens de consumo é beneficiosa, pero xera a redución de recursos naturais e grande cantidade de residuos. A reciclaxe reduce o consumo de recursos e enerxía e os problemas ambientais do seu verquido. Neste manual atoparedes todo o que hai que saber sobre a xestión dos residuos e a súa reciclaxe.

**Idade recomendada:** 12-14 anos.



## La economía circular

**Autor:** Rodolfo Pereira Miranda.

**Editorial:** Uno

**Ano:** 2023

**Sinopse:** desde a Revolución Industrial, vivimos dunha maneira na que extraemos, producimos, usamos e desbotamos cousas sen pensar nas consecuencias que isto ten para o noso planeta e para nós. Pero, que pasaría se existise outra forma de vivir na que todo pode ser aproveitado e reutilizado? Unha forma de vivir onde o deseño das solucións busca adaptar a nosa forma de vivir aos límites do planeta. Neste libro achegarémonos, a través dun poema, á economía circular, nunha viaxe hacia un mundo no que todo é posible se traballamos xuntos e coidamos o planeta.

**Idade recomendada:** 10-12 anos.





### Zero waste para salvar el mundo: guía ilustrada para una vida sostenible

**Autora:** Ally Vispo.

**Editorial:** Vergara.

**Ano:** 2019.

**Sinopse:** o planeta está ao límite, moi preto do que os científicos chaman o «punto de non retorno». É necesario que tomemos conciencia diso e fagamos algo para salvalo. O movemento Zero Waste promove un estilo de vida máis sostible para reducir o noso impacto ambiental e xerar os mínimos residuos posibles. Esta guía ilustrada ofrece trucos e consellos sinxelos para poñer en práctica en todos os ámbitos do día a día: como reciclar os residuos, como facer a compra máis sostible, que obxectos debemos eliminar da nosa rutina...

**Idade recomendada:** 12-16 anos.



### Un mar de plásticos

**Autores:** Kirsti Blom e Geir Wing Gabrielsen.

**Editorial:** Takatuka.

**Ano:** 2018.

**Sinopse:** este libro expón como o océano está a transformarse nun vertedoiro que afecta gravemente á saúde da fauna e flora mariñas. A historia dun fulmar boreal, unha ave mariña que habita as costas do Atlántico Norte, convértese no fío condutor para explicar as consecuencias do uso masivo e irresponsable do plástico.

**Idade recomendada:** 10-16 anos.



### Plastic Detox: 5 x 10 ideas para reducir el plástico en tu día a día


**Autor:** José Luis Gallego.

**Editorial:** Cúpula.

**Ano:** 2019.

**Sinopse:** este libro non é para ecoloxistas convencidos, nin militantes, nin extremistas. Non pretende criminalizar o plástico. É para todo tipo de consumidores, que día tras día son cada vez máis conscientes do terrible impacto do plástico sobre o medio ambiente, e queren poñer remedio. Un recurso práctico que suxire alternativas para todos os petos.

**Idade recomendada:** 12-16 anos.



### Plasticus maritimus, unha especie invasora


**Autores:** Ana Pêgo, Isabel Minhós Martins e Bernardo P. Carvalho.

**Editorial:** Kalandraka.

**Ano:** 2020.

**Sinopse:** cada hora que pasa, mil toneladas de plástico van dar aos océanos. Porque é artificial, invasora, contaminante e ten unha vida moi longa, esta 'especie' merece ter os días contados. Ademais de cuestionar certas ideas sobre a reciclaxe, ofrecer consellos para facer unha saída á praia, sinalar os elementos máis comúns e perigosos de cantos abundan ou destacar exemplos de boas prácticas na loita contra o plástico, este libro resume en 7R's as medidas necesarias para xerar conciencia.

**Idade recomendada:** 14-16 anos.



### Moda sostenible


**Autores:** Sarah Klymkiw e Kim Hankinson.

**Editorial:** Siruela.

**Ano:** 2021.

**Sinopse:** descubre novas formas para gozar a moda de maneira consciente e reducir o impacto negativo que esta industria ten no noso planeta. Esta guía recolle ideas creativas e divertidas para cambiar o hábito de usar e tirar prendas que case non utilizas: como reciclar con estilo, como facer limpeza de armario para transformar, arranxar ou intercambiar algunhas prendas nun mundo que necesita producir menos. Un libro imprescindible para cambiar o mundo cambiando de roupa.

**Idade recomendada:** 12-16 anos.



### Tú puedes cambiar el mundo

**Autora:** Lucy Bell.

**Editorial:** Anaya.

**Ano:** 2022.

**Sinopse:** sabías que existen no mundo máis flamencos de plástico que de verdade? E que se xuntaramos todos os plásticos que hai nos océanos poderían dar a volta ao planeta máis de 4.000 veces? E que cada español xera de media casi 500 kilos de lixo ao ano? Esta práctica guía, repleta de información e actividades, ten como obxectivo que a rapazada realice cambios significativos no seu modo de vida para axudar a salvar o mundo.

**Idade recomendada:** 12-16 anos.





### **Somos la última generación que puede cambiar el planeta**

**Autoras:** Carlota Bruna, Claudia Ayuso, Patricia Ramos, Mónica Rosquillas, Connie Isla.

**Editorial:** Montena.

**Ano:** 2020.

**Sinopse:** este libro é un alegato a cinco voces a favor do medioambiente, porque si que estamos a tempo de salvar o planeta, pero non hai máis tempo que perder. Coma ti, estas cinco autoras saben que a nosa xeración ten a última oportunidade para darlle a volta á historia e que debemos de facer todo o posible para conseguilo.

**Idade recomendada:** 14-16 anos.



### **Huerto fácil con niños**

**Autores:** Màriam Ben-Arab e Jordi Font.

**Editorial:** Larousse.

**Ano:** 2019.

**Sinopse:** un divertido manual ilustrado con grandes doses de humor que da as claves para cultivar hortos en espazos reducidos e contar coa colaboración da rapazada. Ademáis, o libro explica cales son as actividades básicas da horticultura e como disfrutala en familia. Asimesmo, proporciona consellos para cultivar hortalizas e outras verduras de forma ecolóxica, e aporta ideas de reciclaxe ou de aforro de auga.

**Idade recomendada:** 9-12 anos.



### Mi primer huerto

**Autora:** Emmanuelle Kécir-Lepetit .

**Editorial:** Lectio.

**Ano:** 2019.

**Sinopse:** como se de un bo plantel se tratase, esta pequena guía práctica e documental recolle os trucos e consellos necesarios para crear o teu primeiro horto no xardín ou no balcón. Nela atópase ademáis a información necesaria para aprender a escoller as froitas e as verduras fáciles de cultivar, ou como asociar as plantas para atraer aos insectos beneficiosos para a horta e alonxar os parásitos, entre outras.

**Idade recomendada:** 10-16 anos.



### El huerto en 1 m<sup>2</sup> para niños


**Autor:** Mel Braholomew.

**Editorial:** Blume.

**Ano:** 2015.

**Sinopse:** na horta non só hai terra, hortalizas e flores, senón unha serie interminable de pequenos milagres que atraen á rapazada e facilitan o camiño á hora de impartir tantas ensinanzas como se poida imaxinar. Permite amosar leccións matemáticas e outras actividades que son pura ciencia. Este recurso é unha folla de ruta en horticultura, con actividades divertidas e interesantes para diferentes idades.

**Idade recomendada:** material para profesorado, con recursos dirixidos a alumnado de 10-16 anos.



### Cómo poner en marcha tu huerto de permacultura : yo paso a la acción


**Autora:** Nelly Pons.

**Editorial:** Errata naturae.

**Ano:** 2018.

**Sinopse:** a permacultura é unha ciencia que se basa, ante todo, na observación da natureza. A partir de ahí proponnos un novo modelo agrícola e hortelá que non esgota a terra e que coida tanto do solo como do ser humano que o cultiva. Este libro parte da experiencia concreta da autora que, aburrida de tanto asfalto, lánzase a crear o seu propio horto baixo estas innovadoras premisas.

**Idade recomendada:** 12-14 anos.



### MOITO MÁIS... NA GUÍA DE RECURSOS

Se precisas máis información sobre os residuos urbanos, a compostaxe ou os hortos escolares, entra na nosa guía de recursos educativos Ponte a Zero!



Nela atoparás outras lecturas recomendadas e recursos electrónicos que podes descargar a texto completo. Accede a ela escaneando o código QR!

# A BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA



O Centro de Documentación Ambiental e Biblioteca Verde do CEIDA é o único centro de recursos de información e documentación especializado en Medio Ambiente que está aberto a toda a cidadanía en Galicia.

As maletas viaxeiras non son o único servizo que ofrece aos centros de ensino galegos. Conta con máis de 28.000

documentos dispoñibles en préstamo que poden servir de apoio para a realización de actividades de carácter ambiental ou para profundizar nos contidos recollidos nesta selección de lecturas verdes.

O equipo de bibliotecarias ofrece ademáis un servizo de búsqueda especializada de documentación ambiental, de forma que se o persoal docente está a localizar información sobre algunha materia concreta, só ten que poñerse en contacto e solicitar información.

**ACCEDE AO CATÁLOGO EN LIÑA:**

<https://documentacion.ceida.org>

**ENDEREZO E HORARIO:**

**Pazo de Lóngora. Rúa Casares Quiroga, 29. Liáns (Oleiros)**  
**Luns a xoves: 10 a 14 h., 16 a 19 h. Venres: 9 a 14 h. (agás festivos)**

**CONTACTA CO PERSOAL DO CENTRO:**

[documentacion@ceida.org](mailto:documentacion@ceida.org) - 981 630 618